



I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A XESTIÓN DO PLAN DE REFORMA E AMPLIACIÓN DA REDE DE AULAS CEMIT. CARA A PLENA CAPACITACIÓN DIXITAL DA SOCIEDADE GALEGA 2022-2025

REUNIDOS

Dunha parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lle son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 9/2021 do 21 de xaneiro), e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E doutra parte, don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeira letra d) dos vixentes Estatutos da Federación Galega de Municipios e Provincias (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 29 de novembro de 2019.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 01 de outubro de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025. Este convenio enmárcase dentro das actuacións definidas na Estratexia Galicia Dixital 2030.

Segundo.- Este Convenio ten por obxecto regular a colaboración entre ambas institucións para o desenvolvemento do Plan de reforma e ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Terceiro.- Segundo o apartado un da cláusula segunda do convenio, o recoñecemento da condición de aulas de referencia fundaméntase nas aulas que integran a Rede CeMIT e que acreditan que no ano inmediatamente anterior mantiveron uns elevados niveis de actividade. Esta actividade do ano inmediatamente anterior considerarase no período de 12 meses que vai desde o 1 de





decembro de dous anos antes ata o 30 de novembro do ano inmediatamente anterior, e que se incardina nalgún dos seguintes supostos:

- a) *No caso dos municipios de 5.000 ou máis habitantes.* Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado ata o 30 de novembro, igual ou superior a 500 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (*incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas*).
- b) *No caso dos municipios de menos de 5.000 habitantes.* Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado antes do 30 de novembro, igual ou superior a 250 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (*incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas*).

Cuarto.- Segundo a cláusula oitava do convenio, este terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga por un período máximo de catro anos adicionais, previo acordo expreso das partes asinantes.

As entidades locais disporán, desde a sinatura do convenio, dun prazo de 3 meses para presentar a súa adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT.

Quinto.- Que con data 6 de outubro de 2021 a Conferencia Sectorial para a transformación dixital acorda a distribución territorial e os criterios de reparto entre as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla dos créditos destinados á financiación de actuacións para a adquisición de competencias dixitais pola cidadanía no marco do compoñente 19 *“Plan nacional de capacidades dixitais (digital skills)” del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia”*.

Neste acordo, sinálanse entre outros compromisos das Comunidades *“a impartición de programas formativos en competencias dixitais dirixidos á cidadanía con un mínimo de 10 ECTS ou equivalente”*.

En base á comunicación recibida o 21 de outubro de 2022 pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, indícase que a Comisión Europea en relación co obxectivo 288 *sobre capacitación dixital da cidadanía -formación de cidadáns en competencias dixitais-* aprecia un erro material e informase que a duración dos cursos de formación a impartir cambia de 10 ECTS a un mínimo de 7,5 horas.

De acordo co establecido anteriormente, faise necesario precisar os parágrafos relativos ao nivel de actividade para optar á consideración de aula de referencia establecidos na cláusula segunda (apartado un), así como o prazo de adhesión da cláusula oitava do presente convenio co obxecto de adaptarse ás novas decisións comunicadas pola Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial supoñendo unha demora na posta en marcha dalgúns dos servizos.





Sexto.- Que é necesario mdificar os anexos 4 e 5 no referente ao servizo de reforma física e dotación de equipamento tecnolóxico introducindo o apartado a) para detallar as diversas características e casuísticas das entidades locais que contén cunha aula CeMIT e desexen presentar a súa solicitude de adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT.

Sétimo.- Que as partes deste convenio en base ao exposto acordan subscribir a presente Addenda ao Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025 que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Esta Addenda ten por obxecto modificar as cláusulas segunda (apartado un) e oitava, así como precisar os compromisos detallados nos anexos 4 e 5 do Convenio de colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a xestión do Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT. Cara á plena capacitación dixital da sociedade galega 2022-2025.

Segunda. Modificación da cláusula segunda no seu apartado un

1. Niveis de actividade e proceso para ser aula de referencia
A letra a) do número 1 da cláusula 2 queda redactada como segue:

- a) *No caso dos municipios de 5.000 ou máis habitantes.* Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado ata o 30 de novembro, igual ou superior a 200 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (*incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas*).

A letra b) do número 1 da cláusula 2 queda redactada como segue:

- b) *No caso dos municipios de menos de 5.000 habitantes.* Aulas que teñan un nivel de actividade, impartido e rexistrado antes do 30 de novembro, igual ou superior a 100 horas en actuacións de alfabetización, capacitación, talento e competencias dixitais (*incluíndo cursos, charlas, titorías e prácticas de reforzo, exames ou actividades externas*).





Terceira. Modificación do prazo de adhesión da cláusula oitava

O último parágrafo referido ao prazo de adhesión da cláusula oitava queda redactado como segue:

Trala súa sinatura polas partes, as entidades locais que dispoñan dun aula CeMIT disporán dun prazo de 3 meses para presentar a súa adhesión ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de Aulas CeMIT. No caso das entidades locais que non contén cunha aula CeMIT o prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto ata o 31 de decembro de 2024.

Cuarta. Modificación dos anexos 4 e 5 no referente ao servizo de reforma física e dotación de equipamento tecnolóxico

O punto referente ao servizo de reforma física e dotación de equipamento tecnolóxico dos anexos 4 e 5 queda redactado como segue:

⇒ No referente ao servizo de reforma física e dotación de equipamento tecnolóxico, as entidades locais:

a) Poderán encadrarse en algún dos seguintes supostos:

- Sempre que a entidade local conte cun espazo que cumpra os requisitos mínimos establecidos no convenio para poder adherirse ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT, reformarase dito espazo. No caso de que unha entidade local estea interesada en propor un espazo alternativo ou na realización de melloras no espazo existente, poderá estudarse dita reforma, sempre que se conte con dispoñibilidade orzamentaria tras a recepción das solicitudes de adhesión.
- No caso das entidades locais que contén cunha aula CeMIT e, adicionalmente, cun espazo multimedia da Rede CeMIT, primarase a reforma da aula. Sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria, poderá estudarse a reforma de dito espazo multimedia.
- No caso de que a entidade local non conte cun espazo que cumpra os requisitos mínimos establecidos no convenio para poder adherirse ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT, deberá propoñerse un espazo alternativo que dea resposta aos requirimentos esixidos.

b) Deberán cumprir os seguintes requirimentos que serán xustificadas a través da achega da documentación pertinente:

- Compromiso de efectuar as xestións necesarias para emprender a reforma solicitada tales como (*expedición de licenzas de obra, permisos de acceso e execución, etc*).





- Informe técnico do espazo reservado para aula que acredite que cumpre os seguintes requisitos:
 - Que estea situada nun edificio de fácil acceso incluíndo adaptacións para persoas con algún tipo de minusvalía.
 - Unha aula de 40 m² ou máis e que conte cunha parede de canto menos 6 metros de longo.
 - Unha altura nos teitos de máis de 2,4 metros.
 - Sistema de ventilación e fiestras cara ó exterior.

Quinta. En todo o non novado expresamente por esta Addenda seguirá en vigor o disposto no convenio.

E en proba de conformidade as partes asinan esta Addenda no lugar e data indicados.

**O presidente da Federación Galega de
Municipios e Provincias**

**O director da Axencia para a
Modernización Tecnolóxica de Galicia**

Alberto Varela Paz

Julián Cerviño Iglesia

